



Requisitos de participación:

I Concurso Fotografía Turística

Enfoque do Concurso:

Co obxectivo de dar a coñecer todo o atractivo turístico de Lalín, realízase o **I Concurso de fotografía turística** no que poderán participar todas as persoas maiores de idade, xa sexan veciños de Lalín, visitantes, fotógrafos profesionais e afeccionados, cun máximo de 4 fotografías por persoa.

A promoción e difusión de Lalín como destino turístico a través da fotografía, así como a posta en valor dos seus múltiples recursos turísticos.

Duración: Poderán participar todas aquelas fotos que cumpran os requisitos e que fosen enviadas pola o mail de infoturismo@lalin.gal dende o 15 de Xullo de 2021 ata o 16 de Agosto de 2021.

Mecánica do concurso e requisitos de participación:

FASE 1: ENVÍO DE FOTOGRAFÍAS:

Cada participante poderá presentar ata un total de 4 fotografías, unicamente vía Internet (non se aceptará ningunha outra forma de participación). A inscrición e o envío dos arquivos realizarase a infoturismo@lalin.gal indicando no asunto do mail: CONCURSO FOTOGRAFÍA. Nome e Apelidos, ademais no corpo do email debe facerse constar os datos persoais da persoa participante (nome, apelidos, dirección, código postal e poboación, teléfono e correo electrónico).

Cada un dos arquivos enviados ha de ser nomeado cun título e será en modo JPG a 72 dpi. e 1024 píxeles o lado maior. Ningún arquivo pode superar os 1,5 MB. As obras serán fieis á realidade. Non se poderán incorporar elementos, paisaxes e outros que desvirtúen a realidade.



FASE 2: SELECCIÓN DE FINALISTAS E XURADO:

A organización nomeará un Xurado de Admisión responsable de verificar que as solicitudes e fotografías presentadas cumpren os requisitos establecidos.

O Xurado de Cualificación estará formado por 5 persoas, 2 profesionais do audiovisual, un artista plástico, un docente da facultade de belas artes ou similar e a Concelleira de Turismo.

CATÁLOGO: Editarase un catálogo en PDF coas obras premiadas e enviarase por correo electrónico a todos os participantes.

PREMIOS: Serán premiadas un total de tres fotografías máis unha mención á orixinalidade, sendo o primeiro premio de 500 euros, o segundo premio de 300 euros e o terceiro premio de 150 euros. Os premios entregaranse en vales agasallo para consumir no comercio de Lalín. Incluirase unha **mención especial á Orixinalidade**, recibindo o premiado un trofeo.

Ao tratarse da selección dunha obra de carácter artístico, cuxa única base de xuízo son as imaxes presentadas, o xurado deberá ponderar de maneira equilibrada os criterios de calidade artística e técnica, o concepto de Lalín como destino turístico e a adaptabilidade das imaxes aos soportes habituais de promoción turística. Estes criterios, cuxa consideración e peso han de ser semellantes, desagreganse en diferentes aspectos unicamente a efectos da súa descrición e como orientación para a futura avaliación e fallo do xurado; pero, dado que cada obra ha de ser contemplada no seu conxunto, tales aspectos non poden ser ponderados seguindo criterios proporcionais ou de valoración aritmética:

a. **Calidade artística e técnica:** Harmonía na composición; valor creativo e innovador; impacto visual e orixinalidade.

b. **Concepto de Lalín como destino turístico:** Atractivos de Lalín e os seus recursos; patrimonio monumental, recunchos con encanto e lugares de interese; actividades, festas e eventos que nela desenvólvense ao longo do ano.



c. **Adaptabilidade das imaxes aos formatos** e soportes habituais de promoción turística.

FALLO. O xurado reunirse dentro dos dez días hábiles seguintes á finalización do prazo de admisión dos traballos. Premiaranse 3 fotografías máis unha mención de orixinalidade. O fallo do xurado farase público na páxina web do Concello de Lalín, redes sociais institucionais e en medios de comunicación locais e rexionais.

EXENCIÓN DE RESPONSABILIDADE. O autor responde da autoría e a orixinalidade da súa obra e do exercicio pacífico dos dereitos que ostenta sobre a mesma, manifestando que sobre eles non ten contraídos nin contraerá compromisos ou gravames de ningún xeito que atenten contra os dereitos do Concello de Lalín, respondendo noutro caso dos prexuízos que puidesen derivarse, moi especialmente dos dereitos de imaxe, se os houbera, das persoas reflectidas nas imaxes.

ACEPTACIÓN. A participación no concurso supón a aceptación dos requisitos aquí detallados, e do fallo inapelable do xurado. Calquera caso non previsto será resolto pola Organización, quedando excluídas as obras que non cumpran algunha das condicións anteriormente expostas.

DEREITOS DE AUTOR E PROPIEDAD. Os concursantes, que conservan a propiedade intelectual das fotografías presentadas, ceden a favor do Concello de Lalín os dereitos de reprodución e/ou exhibición destas.

Esta cesión non dará dereito a retribución para o autor, por ningún concepto, dada a finalidade do concurso e dos valores que se pretenden fomentar mediante a publicación das fotografías, que o autor comparte. A participación no concurso implica a aceptación por parte dos concursantes da inclusión de todas as fotografías recibidas nos arquivos do Concello de Lalín, arquivos que poderán ser expostos, explotados e reproducidos en calquera soporte tanxible e intanxible, así como en calquera ámbito, incluídos libros, catálogos, artigos promocionais e Internet. Sempre que se reproduza unha das fotografías, farase constar o nome do seu autor.



As imaxes poderán ser incluídas en todo aquel material promocional que a Concellería de Turismo e este Concello considere de interese.

Responsabilidade da empresa Organizadora:

Hydra Marketing resérvase o dereito de acurtar, prorrogar, modificar ou cancelar este concurso se así o estimase conveniente ou se ocorresen supostos especiais no que se impide a realización deste.

Información sobre Protección de datos de carácter persoal:

De conformidade co establecido na normativa vixente en Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que, ao marcar a casa de aceptación, vostede está a proporcionar o seu consentimento inequívoco e expreso para incorporar os seus datos a un sistema de tratamento cuxo responsable é Hydra Marketing con NIF B94179231, con domicilio en C/ Trasdeza n 96 Silleda - Pontevedra, coa finalidade de fin de contactar por calquera medio (incluídos electrónicos) con vostede para xestionar a súa participación neste sorteo.

O tratamento dos seus datos está baseado no consentimento que se lle solicita ao participar.

Informámoslle de que poderá retirar o seu consentimento en calquera momento, sen que iso afecte á licitude do tratamento baseado no consentimento previo á súa retirada.

Hydra Marketing infórmalle que os seus datos serán tratados exclusivamente para os fins expostos e non serán tratados posteriormente de maneira incompatible cos devanditos fins.



Mentres non nos comunique o contrario, entenderemos que os seus datos non foron modificados e que vostede se compromete a notificarnos calquera variación sobre os mesmos.

En cumprimento coa normativa vixente, informámoslle que os datos persoais proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para a realización das finalidades para as que foron recolleitos, salvo que o usuario solicite a súa baixa a Hydra Marketing opóñase ou revogue o seu consentimento.

Informámoslle de que non se cederán datos a terceiros, salvo obrigaón legal.

Igualmente, informámoslle de que ten dereito a :

Confirmar se en Hydra Marketing estamos a tratar os seus datos persoais que lle concirnan ou non, a acceder aos mesmos e á información relacionada co seu tratamento.

Solicitar a rectificación dos datos inexactos.

Solicitar a supresión dos datos cando, entre outros motivos, xa non sexan necesarios para os fins que foron recolleitos, nese caso Hydra Marketing deixará de tratar os datos salvo para o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións.

Solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente poderán ser tratados co seu consentimento, fóra da súa conservación e utilización para o exercicio ou a defensa de reclamacións ou con miras á protección dos dereitos doutra persoa física ou xurídica ou por razóns de interese público importante da Unión Europea ou dun determinado Estado membro.



Opoñerse ao tratamento dos seus datos, nese caso, Hydra Marketing deixará de tratar os datos, salvo para a defensa de posibles reclamacións.

Recibir nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica os datos persoais que lle incumban e que facilitase a Hydra Marketing ou solicitar a Hydra Marketing que os transmita directamente a outro responsable cando sexa tecnicamente posible.

Retirar o consentimento outorgado, no seu caso para as finalidades correspondentes indicadas máis arriba, sen que iso afecte á licitude do tratamento baseado no consentimento previo á súa retirada.

Os anteriores dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade poden exercerse directamente polo titular dos datos ou mediante representación legal ou voluntario, a través dos seguintes medios:

Enviando un correo electrónico, xunto cunha copia do seu DNI a info@hydrmarketing.es

Así mesmo, informámoslle que pode presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, especialmente cando considere que non obtivo satisfacción no exercicio dos seus dereitos, a través da páxina web habilitada a tales efectos pola Autoridade de Control correspondente.

Foro xurisdiccional e lei aplicable: Para todo o que non se especifica, a promoción someterase á normativa española que estea en vigor nese momento.



En caso de litixio resolverán a contenda os Xulgados e Tribunais de Lalín, sen prexuízo do foro que puidese corresponder segundo a normativa aplicable.

Nota: debido á situación excepcional que estamos a vivir, algunha data podería verse alterada (especialmente as relativas aos prazos de presentación ou á resolución do Xurado, así como a obrigatoriedade da presenza dos gañadores na Entrega de Premios). De producirse cambios notificaranse con antelación.